

## SUBVENCIONS A ENTIDADES PARA FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO 2016

### DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA ENTIDADE

Páx. | 1

Nome: FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN  
Enderezo: AVDA. MARTÍNEZ GARRIDO, 21, INTERIOR – 36205 VIGO  
Teléfono: 986253176  
Correo-e: funderguete@fundacionerguete.org

### PROXECTO

#### Obxectivos

##### XERAL

Favorecer a formación integral das reclusas para a súa incorporación sociolaboral no momento da excarceración.

##### ESPECÍFICOS

- Dotar ás alumnas dos coñecementos teórico-prácticos necesarios para desempeñar un oficio.
- Favorecer o desenvolvemento das habilidades sociolaborais das beneficiarias para promover a súa integración a través da aprendizaxe das materias específicas, mellorando a convivencia entre as reclusas.
- Proporcionar ás participantes os coñecementos, habilidades e destrezas precisas para a busca activa de emprego.

#### Actividades

FORMACIÓN XERAL PARA O TRABALLO, destinada ao desenvolvemento das habilidades das alumnas para facilitar, integradamente coa formación nun oficio, a inserción laboral:

- Perfil profesional e entorno laboral. 9 horas
- Resolución de conflitos. 9 horas.
- Formación para a Igualdade. 3 horas.

FORMACIÓN NUNHA OCUPACIÓN, para o desempeño profesional

- Operadora de telemarketing. 39 horas

#### Metodoloxía

Empregarase unha **metodoloxía didáctica** baseada nas seguintes características:

- **TEÓRICO-PRÁCTICA:** Trátase de relacionar e artellar coñecementos, destrezas e aptitudes da participante en relación coa ocupación, a aprendizaxe e a formación.
- **PARTICIPATIVA:** Estimularase a creatividade, a resolución de problemas concretos e a formulación de pequenos proxectos.
- **INTEGRAL:** Relaciona a aprendizaxe nunha ocupación coas habilidades sociais da participante e a súa incorporación social.

### Temporalización

Data de inicio: 17/10/2016  
 Data de remate: 21/11/2016  
 Duración: 60 horas  
 Horario: de luns a xoves, de 16:00 a 18:30 horas  
 Cronograma:

Páx. | 2

#### outubro 2016

l	m	m	x	v	s	d
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30
31						

#### novembro 2016

l	m	m	x	v	s	d
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30				

	Operadora de telemarketing
	Resolución de conflitos
	Perfil profesional e entorno laboral
	Igualdade de oportunidades

### Avaliación

#### Fases da avaliación

- Avaliación inicial ou diagnóstica.
- Avaliación procesual ou formativa.
- Avaliación final ou sumativa.

#### Instrumentos de avaliación

- Caderno de clase da alumna.
- Traballos específicos realizados por esta (individuais e grupais).
- Probas obxectivas, tests e cuestionarios.
- Libreta de observacións do/a docente.

### Recursos humanos

Módulo “Telemarketing” e “Perfil profesional e entorno laboral”, **OLGA HERMIDA**  
 Experta en Formación para a Igualdade e docente do módulo “Resolución de conflitos”, **MAITE PENA**

### Coordinación/colaboración con outras entidades ou institucións

Este proxecto desenvólvese no **Centro Penitenciario de A Lama (Pontevedra)**, no que colaboramos habitualmente desde o ano 2006, con diversos programas en materia de formación ocupacional e prelaboral para os internos/as.

A colaboración comprende a coordinación para a selección das alumnas e seguimento do proceso formativo, así como a avaliación do mesmo.